



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 668

VIII legislatura

29 de marzo de 2012

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.1. Organización e normas de funcionamento dos servizos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 21 de marzo de 2012, polo que se aproban as Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia

[190060](#)

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 21 de marzo de 2012, polo que se aproban as Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 26 de novembro de 2007 créanse diversos ficheiros relativos ao rexistro de deputadas e deputados, xestión e rexistro de persoal, rexistro de entrada e saída, de visitas e control de accesos, correo electrónico, xestión de cursos, datos económico-financeiros, xestión da contratación, provedores, persoas usuarias de biblioteca e documentación, protocolo, persoas subscritoras do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e do *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*.

Posteriormente, con data de 22 de febreiro de 2010, a Mesa acordou a creación do ficheiro da xestión de procedementos parlamentarios, e con data do 1 de marzo de 2011 creou un denominado seguridade e videovixilancia.

No artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só se poderá facer por medio de disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

O artigo 54 do Regulamento polo que se desenvolve a citada lei, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, establece o contido mínimo dos ficheiros. A necesidade de crear novos ficheiros e a de modificar os existentes aconsellan neste momento proceder á elaboración dun texto único que refunda nun só documento a totalidade dos ficheiros existentes.

Na súa virtude, a Mesa, conforme o disposto na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e ao abeiro da competencia atribuída no artigo 22.a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 633, do 24 de outubro de 2008), dispón:

Artigo 1. Creación de ficheiros de datos de carácter persoal

Apróbase a creación de ficheiros de carácter persoal, así como a modificación e refundición dos creados polos acordos da Mesa da Cámara do 26 de novembro de 2007, do 22 de febreiro de 2010 e do 1 de marzo de 2011, que se relacionan no anexo que detalla os ficheiros de nova creación, os modificados e os suprimidos.

Estes ficheiros conteñen a información esixida no artigo 20.2.º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación dos ficheiros.

Artigo 2. Responsabilidade sobre os ficheiros

A responsabilidade sobre a totalidade deses ficheiros automatizados correspóndelle ao Parlamento de Galicia, sen prexuízo da coordinación que lle corresponda ao Letrado Oficial Maior e da responsabilidade directa que na xestión e na custodia dos ficheiros lles corresponde ás unidades que se especifican no anexo para cada un dos ficheiros, ante as que se exercerán os dereitos de oposición ao tratamento, acceso, rectificación e cancelación.

Artigo 3. Protección de datos de carácter persoal

As persoas xestoras dos ficheiros automatizados relacionados adoptarán as medidas necesarias para asegurar que os datos de carácter persoal se utilizarán exclusivamente para as finalidades que xustifican a súa creación e que se concretan no acordo da súa creación. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para asegurar o cumprimento por parte dos usuarios e das usuarias das medidas de seguridade que se adopten para cada ficheiro.

Artigo 4. Dereitos das persoas titulares dos datos

As persoas titulares dos datos incluídos nos ficheiros obxecto deste acordo poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación dos datos e oposición ao tratamento conforme o previsto no título III da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como nos demais casos previstos na lexislación vixente e ante o órgano competente que para cada ficheiro se concreta.

Artigo 5. Obrigas das persoas cesionarias dos datos

Nos casos nos que se prevexan comunicacións de datos, as persoas responsables dos ficheiros automatizados advertiranlles aos cesionarios e ás cesionarias de datos de carácter persoal da súa obriga de utilízalos exclusivamente para a finalidade da cesión e de conformidade co que prevé o artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derogatoria única.- Derrogación das normas en vigor

Como consecuencia da refundición das normas de protección de datos en vigor e da súa modificación, quedan derogadas as aprobadas polos acordos da Mesa do Parlamento de Galicia do 26 de novembro de 2007, do 22 de febreiro de 2010 e do 1 de marzo de 2011.

Disposición derradeira única.- Entrada en vigor

Estas normas entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

ANEXO

1.- Ficheiros modificados:

Denominación do ficheiro	Seguridade e videovixilancia
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Captación de imaxes a través dos sistemas de videovixilancia para garantir a seguridade das instalacións e das persoas do Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Todos os que accedan ás instalacións do Parlamento de Galicia.
Procedemento de recollida de datos	Captación de imaxes mediante cámaras.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Imaxes.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Forzas e Corpos de Seguridade e órganos xudiciais, así como aquelas de obrigado cumprimento que veñan regulamentadas nunha norma con rango de lei.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Gabinete da Presidencia.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Rexistro de visitas e control de accesos
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Rexistro e control das visitas e dos accesos ao Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Persoas que visiten e accedan ao Parlamento de Galicia.
Procedemento de recollida de datos	Entrevistas e identificacións.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	- Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, nome da empresa. - Datos da visita e do acceso: persoa que accede, dependencia á que se dirixe, data e hora de entrada e saída.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Non están previstas.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia Oficialía Maior.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Correo electrónico do Parlamento de Galicia
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Contén a lista de enderezos de correo electrónico do persoal do Parlamento de Galicia e proporcionalle un sistema de mensaxaría electrónica interna e/ou externa ao persoal da Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputados e deputadas, persoal eventual, funcionario, laboral e demais persoal que preste servizos no Parlamento de Galicia, cidadáns e cidadás e residentes.
Procedemento de recollida de datos	Formularios, expedientes de transmisión electrónica de datos.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos e teléfono.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Non están previstas.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia Oficialía Maior Servizo de Tecnoloxías da Información.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Xestión de procedementos parlamentarios
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión e tramitación dos distintos procedementos parlamentarios.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputadas e deputados, altos cargos e persoal das distintas administracións públicas, entes públicos e privados e particulares.
Procedemento de recollida de datos	Expedientes administrativos relativos aos distintos procedementos parlamentarios.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	- Datos identificativos: nome e apelidos, enderezo, teléfono, DNI, NIF, situación laboral, data de nacemento, estado civil, sexo. - Datos especialmente protexidos: partido político ou coalición.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Non están previstas.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia Hórreo, 63 Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia Oficialía Maior Dirección de Xestión Parlamentaria.
Nivel do ficheiro	Alto.
Denominación do ficheiro	Protocolo
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión de datos de protocolo relacionados con autoridades e institucións.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Autoridades e institucións.
Procedemento de recollida de datos	Directorios e a propia persoa interesada.
Procedencia dos datos	Coincide co apartado anterior.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos identificativos: nome e apelidos, cargo e tratamento, dirección e teléfono. Datos especialmente protexidos: grupo parlamentario ou partido político (só deputadas e deputados), correo electrónico.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Ningunha.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia Hórreo, 63 Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia Gabinete da Presidencia.
Nivel do ficheiro	Alto.

Denominación do ficheiro	Registro de entrada e saída do Parlamento de Galicia
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Asentar toda a documentación que se recepciona e que sae do Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Persoas, órganos, unidades administrativas, organismos públicos de procedencia ou de destino.
Procedemento de recollida de datos	Documentación rexistrada.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	- Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, sinatura electrónica. - Datos identificativos do expediente: número, data, hora, tipo de documento, extracto.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Non están previstas.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Dirección de Xestión Parlamentaria.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Usuarias e usuarios de biblioteca e documentación
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión das consultas e peticións que se rexistran nas unidades de biblioteca e documentación.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Usuarias e usuarios dos servizos de biblioteca e documentación.
Procedemento de recollida de datos	Directorios e a propia persoa interesada.
Procedencia dos datos	Coincide co apartado anterior.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome, DNI, NIF, correo electrónico e domicilio.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Ningunha.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Dirección de Xestión Parlamentaria.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Nóminas
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión mensual das nóminas.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputadas e deputados, persoal eventual, funcionario e laboral.
Procedemento de recollida de datos	A propia persoa interesada e directorios.
Procedencia dos datos	Coincide co apartado anterior.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	DNI, nome e apelidos, enderezo, número de fillos, IRPF, cotización, datos bancarios, correo electrónico e nº da Seguridade Social.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Facenda, Tesourería da Seguridade Social, Bancos, Compañía de Seguros, Entidades xestoras de Plans de Pensións.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Rexistro de deputadas e deputados
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión de deputadas e deputados. Declaración de bens e actividades.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputadas e deputados.
Procedemento de recollida de datos	A propia persoa interesada mediante formularios, comunicacións internas.
Procedencia dos datos	Coincide co apartado anterior.
Estrutura básica do ficheiro	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, domicilio e teléfono, actividade laboral, empresa e categoría, situación laboral, réxime asistencial, data e lugar de nacemento, estado civil, sexo, NIF. datos sobre curriculum e titulacións.
Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Ningunha.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.
Nivel do ficheiro	Alto.

Denominación do ficheiro	Xestión de procedementos de persoal
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestionar os procedementos de persoal e rexistrar o persoal do Parlamento de Galicia anotando os seus datos administrativos. Control horario do persoal do Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Persoal funcionario e persoal laboral que presta servizos no Parlamento de Galicia. Persoal que opta á condición de persoal funcionario ou laboral a través de calquera dos procesos selectivos convocados polo Parlamento de Galicia.
Procedemento de recollida de datos	Formularios, expedientes ou transmisións electrónicas de datos, solicitudes.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	- Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo (postal, electrónico) e teléfono. - Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, nacionalidade e sexo. - Datos académicos e profesionais: cursos de formación e titulacións académicas. - Datos relativos ao emprego: corpo/escala, categoría profesional, grao, postos de traballo desempeñados, situación administrativa, historial do traballador, antigüidade, control horario.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Aos tribunais encargados de resolver os procesos selectivos cederánselles aqueles datos relativos ao persoal que opta ao corpo, escala ou categoría profesional que lles corresponda xulgar. Tamén se lles poderán ceder ás escolas oficiais de formación para os efectos de participación en actividades formativas.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia Hórreo, 63 Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia Oficialía Maior Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.
Nivel do ficheiro	Medio.

Denominación do ficheiro	Xestión de cursos
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Formación do persoal funcionario e laboral do Parlamento de Galicia, xestión de cursos, profesorado, alumnado e diplomas.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputadas e deputados, persoal do Parlamento de Galicia e profesores que impartan as actividades formativas.
Procedemento de recollida de datos	Solicitudes, declaracións ou transmisións electrónicas de datos.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	- Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, enderezo, teléfono. - Datos académicos e profesionais: formación, titulación, experiencia profesional.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Escolas oficiais de formación.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Xestión da contratación
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión da contratación.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Contratistas e persoal das súas empresas.
Procedemento de recollida de datos	As propias persoas interesadas, expedientes e directorios.
Procedencia dos datos	As propias persoas interesadas, expedientes, directorios e fontes públicas.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI, CIF, denominacións sociais, nomes e apelidos, domicilios, teléfonos, fax, enderezos electrónicos, datos técnicos, económicos e financeiros.
Sistema de tratamento	Mixto.
Comunicacións ou cesións de datos	Ningunha.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Subscritores e subscritoras do <i>Boletín Oficial do Parlamento de Galicia</i> e do <i>Diario de Sesións do Parlamento de Galicia</i>
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Distribución por correo electrónico das publicacións periódicas oficiais do Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputados e deputadas do Parlamento, autoridades, entidades públicas ou privadas e particulares.
Procedemento de recollida de datos	Directorios e a propia persoa interesada.
Procedencia dos datos	Coincide co punto anterior.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, nome da entidade, correo electrónico, domicilio.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Ningunha.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior Servizo de Publicacións.
Nivel do ficheiro	Básico.

2.- Novos ficheiros:

Denominación do ficheiro	Arquivo audiovisual
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Gravación e difusión das sesións de Pleno e de Comisións. Transcrición e corrección do DSPG.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputados, asistentes.
Procedemento de recollida de datos	Captación de imaxes mediante cámaras.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Audio, vídeo.
	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos da persoa participante (catalogación dos cortes de vídeo).
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Á empresa adxudicataria da xestión de servizos audiovisuais para o tratamento de datos. Televisións públicas para emisión en directo.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
	Servizo de Tecnoloxías da Información.
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Servizo de Tecnoloxías da Información.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Visitas guiadas
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión das visitas guiadas ao edificio do Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Visitantes, cidadáns e cidadás.
Procedemento de recollida de datos	Formularios.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, teléfono, dirección e correo electrónico de contacto.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Empresa adxudicataria do Servizo de Tecnoloxías da Información.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
	Gabinete da Presidencia.
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior Servizo de Tecnoloxías da Información.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Subscrición a áreas temáticas
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Distribución por correo de información de áreas temáticas do PG.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Cidadáns e cidadás.
Procedemento de recollida de datos	Formularios.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, correo electrónico.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Empresa adxudicataria do Servizo de Tecnoloxías da Información.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
	Servizo de Tecnoloxías da Información.
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior Servizo de Tecnoloxías da Información.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Usuarios e usuarias dos sistemas de información
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión dos datos de usuarios e usuarias que acceden aos sistemas de información do Parlamento de Galicia.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Deputadas e deputados e empregadas e empregados públicos do Parlamento de Galicia.
Procedemento de recollida de datos	Declaración das persoas interesadas.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, correo electrónico.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Empresa adxudicataria do Servizo de Tecnoloxías da Información.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
	Servizo de Tecnoloxías da Información.
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior Servizo de Tecnoloxías da Información.
Nivel do ficheiro	Básico.

Denominación do ficheiro	Comentarios e suxestións
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Resposta aos comentarios e ás suxestións dos cidadáns e das cidadás.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Cidadáns e cidadás.
Procedemento de recollida de datos	Formularios.
Procedencia dos datos	A propia persoa interesada.
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, correo electrónico.
Sistema de tratamento	Automatizado.
Comunicacións ou cesións de datos	Empresa adxudicataria do Servizo de Tecnoloxías da Información.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non están previstas.
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
	Servizo de Tecnoloxías da Información.
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior Servizo de Tecnoloxías da Información.
Nivel do ficheiro	Básico.

3.- Ficheiros eliminados:	
Denominación do ficheiro	Provedores
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Xestión de datos de provedores.
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Provedores.
Procedemento de recollida de datos	A propia persoa interesada.
Procedencia dos datos	
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Código, nome, NIF e CIF, domicilio, teléfono e fax.
Sistema de tratamento	
Comunicacións ou cesións de datos	Ningunha.
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	
Órgano responsable do ficheiro	Parlamento de Galicia
	Hórreo, 63
	Santiago de Compostela, 15701
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Parlamento de Galicia
	Oficialía Maior
	Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.
Nivel do ficheiro	Básico.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2012

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1.º



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727